

Arela.- Desexo moi forte dunha cousa.



ARELA

CONCELLO DE PONTEVEDRA



Colaboramos para construír un
ecosistema de oportunidades

Que é o Plan Arela?

É un programa da **Concellaría de Promoción da Cidade** do **Concello de Pontevedra** que nace para **acompañar** as persoas na mellora da súa empregabilidade. Arela persegue traballar no **desenvolvemento profesional integral** partindo das "novas" competencias laborais que precisa o mercado. Incidirase dende un **enfoque colaborativo**, na importancia do **traballo en equipo**, da creación de **rede profesional** e do valor de **compartir coñecemento** para xerar oportunidades laborais. A nivel individual, Arela pon o foco nas persoas como protagonistas do seu desenvolvemento profesional. De hÍ que a importancia do **compromiso individual** e da responsabilidade co equipo sexan os piares fundamentais. **Arela ten como obxectivo potenciar a liberdade das persoas para que aflore o talento individual e grupal. E desta forma acadar xuntos unha rede onde xerar novas oportunidades**

Que Ofrece?

O programa baséase nunha metodoloxía experiencial e centrada na participación activa das persoas. Trabállase o talento a través dun proceso motivador e libre onde as persoas participantes se axudan, de forma proactiva, a xerar novas oportunidades laborais. Empregaranse ferramentas de autocoñecemento, creatividade, coaching, mentoring, intelixencia emocional...
Cada edición trimestral inclúe:
12 sesións presenciais en grupo de 5 horas cada unha. O obxectivo é crear un entorno propio e inspirador onde traballar na procura colaborativa de novas oportunidades laborais.
6 sesións de acompañamento individual por persoa participante (hora e media por sesión). O fin é reforzar as competencias e trazar un plan de acción propio para acadar os obxectivos individuais.
1 encontro de "Familias creativas". Encontros de creatividade entre empresas, concello, persoas en busca de oportunidades e persoas emprendedoras. O obxectivo é conectar e intercambiar experiencias para evolucionar en grupo. Cada encontro terá unha duración de 5 horas.

A quen vai dirixido?

Diríxese a persoas con dous requisitos:

En situación de busca activa de emprego tanto por conta allea como por conta propia.
Empadroadas no Concello de Pontevedra.

Canto dura?

O plan dura 3 meses. O período de inscrición e selección é do 8 de febreiro o 18 de marzo. Comeza o 25 de marzo e finaliza o 30 de xuño. As sesións levaranse a cabo na Casa da Luz.

Ten custo?

Arela é financiado na súa totalidade pola Concellaría de Promoción da Cidade do Concello de Pontevedra. Pero sí é esencial a motivación, o compromiso persoal e a actitude colaborativa, elementos clave para percorrer o camiño.
O programa non da dereito a beca.



PON
ACTIVA

Onde podo inscribirme?

Poderás inscribirte nestes canles:

Presencial: Casa da luz.

Teléfono: 986 84 85 52 / 986 84 16 06

Mail: administracion@proxectoiles.es

Web: www.proxectoiles.es

E terás que presentar a seguinte documentación:

- Formulario colgado en web ILES
- DNI/NIE
- Tarxeta de demandante de emprego
- Autorización solicitude de certificado de Empadronamento
- Certificado ou escrito de estar ao corrente de débedas no Concello de Pontevedra
- Vida laboral actualizada
- Curriculum Vitae actualizado con fotografía recente

Contacto:

Dirección: Casada Luz

Teléfono: 986 84 85 52 / 986 84 16 06

Mail: administracion@proxectoiles.es

*Colaboramos
para crear novas
oportunidades*